

1º parte Repertorio coral

El Grillo

música de Josquin des Prez (séc. XV-XVI)

¿Para qué?

letra Hernán Videla e música Carlos Montbrun, arranxo coral de Eduardo Correa

Adios Nonino

música de Astor Piazzola, arranxo coral de Néstor Zadoff.

Lela

letra de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, arranxo coral de Julio Domínguez

Mary Poppins

letra e música de Richard M. Sherman e Robert B. Sherman, arranxo coral e tradución ao galego de Nuria Lorenzo.

Alborada Galega

letra de F.Mª de la Iglesia e música de Pascual Veiga, arranxo coral da versión para gaitas de Noitarega feito por Nuria Lorenzo.

Pianista: Jesús Moares

Gaitas: Noitarega

Bailaríns: Miguel Zurita e Nerea Sotelo

2º parte

* *Obras encomendadas pola Universidade de Vigo sobre textos do poeta berciano Antonio Fernández Morales. Estrea absoluta*

*Acompaña: Orquestra Filharmónica
Cidade de Pontevedra*

*Ponferrada**

letra de Antonio Fernández Morales (séc. XIX), música e orquestración de Carlos Cambeiro.

Malenconía

letra de Alfredo Brañas e música de Enrique Lens, adaptación e orquestración de Carlos Cambeiro

*Cacabelos**

letra de Antonio Fernández Morales (séc. XIX), música e orquestración de Carlos Cambeiro.

Repinicos

música de Faustino R. Núñez, adaptación e orquestración de Carlos Cambeiro

*Vilafranca**

letra de Antonio Fernández Morales (séc. XIX), música de Carlos Cambeiro.

Concerto

Teatro-Sala de concertos
Centro Cultural Novacaixagalicia
15 de xuño, 20:30 h.
Entrada libre ata completar aforamento

Coro Universitario de Vigo

1º parte Repertorio coral

Pianista: Jesús Moares

Gaitas: Noitarega

Bailaríns: Miguel Zurita e Nerea Sotelo

2º parte

* *Obras encomendadas pola Universidade de Vigo sobre textos do poeta berciano Antonio Fernández Morales. Estrea absoluta*

*Acompaña: Orquestra Filharmónica
Cidade de Pontevedra*

Presenta o acto: Anxo Angueira.

Organiza



Extensión Universitaria
Universidade de Vigo

Colaboran



novacaixagalicia





CORO UNIVERSITARIO DE VIGO

O Coro da Universidade de Vigo fundouse no ano 1990 para satisfacer, entre outras, unha necesidade evidente de contribuír á potenciación da formación musical do alumnado, en especial a dos futuros Mestres de Educación Musical, así como realizar un labor de difusión cultural máis aló do marco da propia Universidade e solemnizar os seus actos académicos. Pasaron pola súa dirección: Vicente Rodríguez, Stanislaw Krummer e Elena Vatchenco, Teresa Novoa, Rimás Zdanavicius, Zivile Keblikaite e Emilio Ledo. Dende o ano 2007 está dirixido por Nuria Lorenzo López. Ao longo deste anos cantaron nos Ciclos culturais "Música e Arte" e "Gran Jubileo 2000" celebrados na Catedral de Tui; XI Centenario da Unión de Huesca ao Reino de Aragón, en Huesca; Proxecto "Visión de futuro" co grupo Milladoiro, dentro da obra Iacobus Magnus, na Universidade de Vigo; Himno propio da Universidade "Gloria tibi sit", estreado en Ourense; "X Mostra Gallega de Coros Polifónicos" da Consellería de Familia da Xunta de Galicia; Semana Santa no Círculo Cultural Mercantil de Vigo; Concerto extraordinario de Nadal na Concatedral de Vigo; 250 aniversario da morte de J.S.Bach en Sevilla. Concerto UVIGOVERDI no Teatro Caixa Nova de Vigo acompañados pola Orquestra Clásica de Vigo. Gloria de Vivaldi en Redondela, Vigo e Ourense.



NURIA LORENZO LOPEZ - DIRECTORA

Nace en Vigo, Pontevedra. Licenciada en canto polo Conservatorio Superior de Música de Vigo e diplomada en Maxisterio en lingua estranxeira pola Universidade de Santiago de Compostela. Gañadora do 2º premio nacional de España no concurso J.J.M.M e 1º premio de Galicia no concurso Música Xove, así como finalista de varios concursos internacionais. En decembro de 2009 gañou o Primeiro premio á Excelencia Musical na Coruña e o Primeiro premio á Interpretación Musical en Vigo, ambos os concursos convocados pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia. Asiste regularmente a cursos de canto con prestixiosos mestres. En música sacra cantou repertorio de mezo e contralto en Stabat Mater de Pergolesi, Réquiem de Mozart, Gloria de Vivaldi..... En ópera: debuta co papel de "Alisa" de Lucia de Lammermoor de Donizetti, "Imelda" de Oberto, Conte dei San Bonifaccio de Verdi, "Mercedes" da ópera Carmen de Bizet.....Como cantante solista, ofreceu numerosos concertos líricos nos que interpreta lied, ópera e zarzuela.

Finalmente, destacan as súas participacións nas tempadas de ópera do Palacio da Ópera da Coruña, Auditorio de Galicia de Santiago de Compostela, Teatro Caixanova de Vigo, A.B.A.O. Ou (Palacio Eskalduna e Teatro Arriaga), Valladolid, Auditorio de Roquetas de Mar, Salamanca etc., dirixida polas mellores batutas do panorama internacional.




JESÚS MOARES LAMEIRO

Estuda no Conservatorio Superior de Música de Vigo, onde obtén o título de Profesor Superior de Piano coas máximas cualificacións. Perfecciona os seus estudos cos pianistas Rita Wagner, Peter Bithell, Almudena Cano, Luíz de Moura, Eulalia Solé, Vladimira Smausova entre outros. Actualmente é profesor de piano no Conservatorio Profesional de Música de Pontevedra Manuel Quiroga.



NOITAREGA

Falar de Noitarega non é falar dun grupo novo, é falar dunha banda lendaria dentro do panorama da música tradicional galega que soubo gañar a pulso o respecto e cariño do público. Ao longo destes anos Noitarega foi colleitando numerosos premios, ofrecendo innumerables actuacións tanto por toda a xeografía galega e española coma en Francia (Bordeos), Portugal (Lisboa) ou mesmo nos Estados Unidos (Nova York, Nova Jersey ou Connecticut), compartindo escenario con artistas da talla de Berroqueto, Luar na Lubre, Susana Seivane ou Xosé Manuel Budiño, e consolidándose como un dos maiores expoñentes da música tradicional galega e como un embaixador da cultura galega por todo o mundo.



MIGUEL ZURITA RODRIGUEZ Y NEREA SOTELO TIEBO

Actuais campións galegos de bailes estándar. Actuais sub campións galegos de 10 bailes. Terceiros clasificados no campionato galego de latinos 2011. Finalistas de España en bailes estándar e en 10 bailes 2011



JAVIER VICEIRO-FILGUEIRA (DIRECTOR)

Nace en Pontevedra e realiza os seus estudos musicais no Conservatorio Superior de Música de Vigo, no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid e na Zuid-Nederlandse Hogeschool voor Muziek de Maastricht (Holanda). Colaborou como instrumentista coa Orquestra Sinfónica de Radio Televisión Española (O.R.T.V.E.), Orquestra Sinfónica de Galicia (A Coruña), Real Filharmonía de Galicia (Santiago de Compostela) e Xoven Orquestra de Galicia. Comeza os seus estudos de Dirección de Orquestra con James Ross (U.S.A.) no ano 1997. No ano 2002 finaliza os seus estudos no I. S. E. B. (European Institute for Band) en Trento (Italia) . No ano 2003 diplomase en "Wind Orchestral Conducting" co mestre Jan Cober (Holanda) na Zuid-Nederlandse Hogeschool voor Muziek de Maastricht (Holanda), diplomándose en 2005 en Dirección de Orquestra Sinfónica. Dirixiu como invitado a Arka Symfonie Orkest de Maastricht (Holanda), a Orquestra Clásica de Vigo, a Orquestra de Sopros e a Orquestra Junior da Escola Profesional de Música de Viana do Castelo (Portugal), a Banda Municipal da Coruña, a Banda Municipal de Santiago de Compostela e a Banda Municipal de Pontevedra. Entre os anos 2003 e 2008 foi responsable da materia de Orquestra dos conservatorios Superior e Profesional de Música de Vigo. Desde o ano 2006 dirixe a Orquestra Filharmónica Cidade de Pontevedra (O.F.C.P). Nos últimos anos vén impartindo diversos cursos sobre dirección musical



CARLOS M. CAMBEIRO

Carlos M. Cambeiro Alís nace en Barcelona en 1958, cidade na que realiza os seus estudos musicais no Conservatorio Superior Municipal de Música, cos mestres Josep Poch, José García Gago e Carles Guinovart nas especialidades de harmonía, contrapunto e fuga; formas musicais con Manuel Oltra, folklore con Josep Crivillé, piano con Josefina Monmany e composición e instrumentación con Josep Adoitar; estudos que serán continuados en Madrid co compositor Román Alís no Real Conservatorio Superior de Música. É titulado Superior en Composición.

A súa actividade profesional desenvólvese como orquestrador, arregrista, compositor e pedagogo, estando publicados algúns dos seus traballos en partitura, CD, LP e Cassete, ou recollidos en gravacións da Radio Galega e de Radio Popular de Vigo. Algunhas das súas obras foron premiadas. Actualmente é Profesor Titular de Fundamentos de Composición no Conservatorio Superior de Música de Vigo, onde imparte as materias de Composición e Análise da Música do século XX.



ORQUESTRA FILHARMONICA CIDADE DE PONTEVEDRA - OFCP

A Orquestra Filharmónica Cidade de Pontevedra fai a súa presentación o día 6 de Xuño de 2007. Nace como un proxecto artístico cobizoso pero tamen pedagóxico, social e humano. Esta Orquestra quere ser polos seus méritos artísticos un referente obrigado no panorama sinfónico de Galicia. Esta formada por músicos cunha sólida formación; moitos con traxectorias profesionais xa consolidadas e outros á procura de madurez artística que só pode proporcionar o contacto directo coa mellor tradición sinfónica. Como colectivo consciente do seu compromiso social, a OFCP quere ser unha peza importante de engranaxe da vida musical da cidade e de Galicia.

Na súa curta traxectoria profesional teu abarcado un amplo repertorio musical, de diferentes estilos e sempre colaborando cos novos compositores servindo como plataforma para a estrea de novas obras, tales como "O neno de pau" de Toni Cantal, etc. Acompañou solistas de talla internacional como D. Vicente Alberola (Clarinete Solista da OSM), D. Alessio Allegrini (Trompa Solista da Orquestra Santa Cecilia de Roma) Frits Damrow (Trompeta solista da Royal Concertgebouw), D. Esteban Batallan (Trompeta solista da Orquestra Sinfónica de Granada).... E no ámbito vocal colaborou entre outros co Orfeón Terra a Nosa. Recentemente colaborou tamen coa plataforma "Musgafol" cos que gravaron o seu primeiro CD sempre baixo a batuta do seu director titular D. Javier Viceiro-Filgueira.